



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Investigación Cuantitativa	Código	652536006	
Titulación	Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Arias Rodriguez, Maria Alicia	Correo electrónico	alicia.arias.rodriguez@udc.es	
Profesorado	Arias Rodriguez, Maria Alicia	Correo electrónico	alicia.arias.rodriguez@udc.es	
Web	<a href="https://www.udc.es/es/centros_departamentos_servizos/departamentos/departamento/?codigo=D162">https://www.udc.es/es/centros_departamentos_servizos/departamentos/departamento/?codigo=D162</a>			
Descrición xeral	<p>A realidade é complexa, diversa e difícil de analizar, describir e interpretar, por iso é necesario, que ao longo da súa formación académica, adquira unha serie de competencias que lle permitan desenvolver a súa posterior actividade profesional. Por tal circunstancia, a aprendizaxe e aplicación de diversas metodoloxías de investigación, que se planifican nesta materia, permitirá nun futuro para seleccionar a máis adecuada para solucionar os problemas que se encontrará no seu próximo ámbito laboral. Sen esquecer que dentro do seu ámbito laboral terá que investigar para poder achegar posibles solucións que melloren o contexto no que se desenvolva a súa actividade laboral. A diversidade de concepcións epistemolóxicas aplicables ás distintas situacións sociais será fonte de información para o/a investigador/a, permitiéndolle determinar cal é a máis adecuada para solucionar o problema ao que se enfrenta. Non se pretende establecer unha prelación ou unha orde de importancia entre os variados modos de investigación, senón que é o problema de investigación o que determinará a elección dunha metodoloxía ou outra, facendo dela a máis válida para este tipo de problema. Toda isto non ten sentido se non nos preguntamos e respondemos á pregunta: que queremos conseguir. Son moitos os instrumentos que podemos utilizar para obter datos e, por elo, é necesario ter coñecemento do amplo abano de posibilidades. Un bo/oa profesional será aquel/a que saiba optar, en cada circunstancia, polas metodoloxías que mellor se adaptan á situación. Por iso, é necesario afondar no coñecemento e no dominio das distintas ferramentas que temos á nosa disposición. Así nesta materia se irá analizando as principais metodoloxías que poden ser aplicadas ao ámbito educativo, indicando as súas características fundamentais, as vantaxes e inconvenientes que presentan e as circunstancias ou momentos máis adecuados para poñelas en práctica.</p>			



## Plan de continxencia

Plan de continxencia (adaptado de addenda Covid19):

1. Modificacións nos contidos: non se realizarán cambios

2. Metodoloxías Metodoloxías docentes que se manteñen:

-Análise de fontes documentais

-Sesión maxistral

-Proba Mixta

-Análise de fontes documentais

-Actividades iniciais

? Atención personalizada

Metodoloxías docentes que se modifican: non se realizarán cambios

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:

?Correo electrónico: De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos exercicios nas clases e o dossier

? Moodle: Segundo a necesidade do alumando. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica?, a través das cales se poñen en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia.

? Teams:

A) sesión semanal do grupo para o avance dos contidos e das actividades na franxa horaria que ten asignada a materia non calendario de clases aprobado pola comisión académica do mestrado e aprobados na Xunta de Facultade (planificadas para o estudiantado presencial)

B) De 1 a 2 sesións semanais (ou mais segundo o demande o alumnado) en pequeno grupo para ou seguimento e apoio na realización das actividades. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades de aprendizaxe do alumando para desenvolver a materia (planificadas para o estudiantado presencial)

4. Modificacións na avaliación: non se realizarán cambios

Observacións:

a) A presencialidade dos/as estudantes só controlárase nas clases da materia a través da realización das actividades que se farán ao final de cada sesión. Os/as estudantes serán considerados presenciais sempre que asistan ás clase; soamente poden faltar tres veces (sen xustificante), pero nunca máis de dúas veces. Os/as estudantes poden presentar xustificantes, por faltar a clase, sempre que sexan médicos, de traballo, de hospitalización, etc. pero deben ser homologados (non poden ser, por exemplo, a solicitude dunha cita médica, etc.). O recurso principal que se empregará para o control da asistencia do alumno será o Moodle, onde se realizarán as actividades (se as clases son virtuais senón nas clases presenciais).

b) Os/as estudantes non presenciais poden seguir a materia por Moodle, se ben non poderán participar nas actividades nin serán convocados por TEAMS para as clases. Considerarase alumnado non presencial aquel que, dada unha nova situación de confinamento, ate ese momento tivera elixido esa opción (no primeiro día de clase) ou ben tivera superado xa as tres faltas de asistencia en total (ou nalgunha das partes da materia); nesta última opción as/os estudantes pasarían automaticamente a esta modalidade. Manterase a avaliación deste alumnado tal e como se recolle na Guía Docente, no apartado específico de "observacións".

c) As clases manteñen o formato de grupos de traballo que se especificaran na ben se estamos na modalidade presencial ou virtual. Os grupos de traballo crearanse por TEAMS, que será o medio a través do cal se fará o seguimento das actividades por parte do profesorado (estas clases serán sempre no horario aprobado pola comisión académica do mestrado e aprobado na Xunta de Facultade). Soamente para os/as estudantes presenciais.

d) A avaliación da materia será virtual (debido a circunstancias sanitarias) e manterase a mesma ponderación das cualificacións, con independencia da modalidade docente. Será da seguinte forma: actividades (solución de problemas) o serán dentro de cada clase. As actividades non se habilitará ata que comecen as clases; serán presentadas dentro do dossier e serán colgadas en Moodle na data establecida polo profesorado o primeiro día da clase. Cabe lembrar que a/o estudante presencial debe presentarse a cada unha das formas de avaliar para superar a materia, e dicir, debe facer proba mixta, solución de problemas e o análise de fontes documentais. Os estudantes non presenciais terán que realizar soamente a proba mixta e a solución de problemas (coas actividades que indique a profesora e que aparecerá distintivamente en moodle)



e) As titorías da materia serán individuais e virtuais. O alumnado deberá solicitar hora ao profesorado vía correo electrónico. **MOI IMPORTANTE, AS TUTORIAS SEMPRE SERÁN DENTRO DO HORARIO PRESENTADO POLO PROFESORADO QUE IMPARTE A MATERIA.**

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A15	E15: Utilizar e analizar ferramentas e instrumentos dixitais para facilitar a comunicación e a xestión nos centros.
A16	E16: Analizar criticamente o papel das tecnoloxías dixitais na innovación educativa.
A25	E25: Coñecer distintos tipos de metodoloxías que se empregan na investigación educativa, considerando a súa pertinencia para a resolución de problemas concretos.
A26	E26: Recoñecer a investigación aplicada ás ciencias da educación como ferramenta continua de innovación e mellora educativa e social.
A36	E36: Establecer un compromiso ético deontolóxico a través dunha vinculación consecuente cos valores éticos da institución e institucionais e xestionar o centro de acordo cos principios éticos coherentes cun sistema democrático.
A37	E37: Coñecer as políticas, os modelos e as prácticas igualitarias de calidade e innovación educativa, para poder implementalas e promovelas nas institucións educativas.
A38	E38: Analizar e interpretar desde técnicas multinivel os caracteres máis relevantes dos sistemas educativos, desde un contexto transnacional global que permita comparacións complexas no ámbito da dirección e supervisión educativa.
A40	E40: Diseñar un proxecto de dirección/investigación nas liñas temáticas establecidas nas diferentes materias do mestrado.
B1	CB6: Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, en moitas ocasións nun contexto de investigación.
B2	CB7: Que o estudantado saiba aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	CB8: Que o estudantado sexa capaz de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	CB9: Que o estudantado saiba comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	CB10: Que o estudantado posúa as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B6	G1: Analizar, organizar, xestionar e interpretar a información e a toma de decisións.
B7	G2: Facilitar a mediación, xestión e resolución de conflitos, fomentando a non violencia, a prevención da conflictividade e a convivencia.
B13	G8: Comunicar obxectivos e estratexias educativas.
B16	G11: Integrar coñecementos e perspectivas para exercer a función directiva de maneira informada, xusta, crítica, comprometida, democrática, distribuída e solidaria.
B17	G12: Adquirir unha formación metodolóxica para realizar investigacións educativas.
B18	G13: Establecer os descritores xerais que caracterizan unha investigación: seleccionar, elaborar, tratar e interpretar os datos, e presentar os resultados de acordo cos propósitos da investigación.
B19	G14: Ensañar e avaliar formulacións de ensino disciplinares ou interdisciplinares en contextos educativos reais, e promover propostas de mellora en relación cos resultados obtidos.
C1	T1: Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	T3: Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercizo da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	T4: Desenvolverse para o exercizo dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero.
C7	T7: Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.
C8	T8: Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



Coñecer á terminoloxía; as diversas fases do plantexamento da investigación e as diversas metodoloxías tanto do ámbito cuantitativo da intervención educativa	AM25 AM26 AM40	BM2 BM3 BM4 BM17 BM18 BM19	
Analizar a información recollida nos procesos da intervención educativa, empregando as técnicas de análise adecuadas	AM15 AM38	BM1 BM5 BM16 BM17 BM18 BM19	CM3 CM7 CM8
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse dende diversas perspectivas e unha de elas a perspectiva de xénero	AM16 AM36 AM37	BM6 BM7 BM13	CM1 CM4

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1-FUNDAMENTOS EPISTEMOLÓXICOS E METODOLÓXICOS DO SABER E AS PRÁCTICAS EDUCATIVAS.	1.1-Natureza da investigación educativa. 1.2-Metodoloxía na investigación educativa.
Tema 2-PROCESO DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA. PROCEDEMENTOS E ESTRATEXIAS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN CUANTITATIVA. ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DE DATOS CUANTITATIVOS.	2.1-Problemas: necesidades e interrogantes a investigar. 2.2- Fontes de documentación: revisión da literatura conceptual e de investigación. 2.3-Variables, hipóteses e mostra dunha investigación 2.4-Técnicas de recollida de datos: test, escalas, cuestionarios e entrevista. 2.5- Informe de la investigación
Tema 3- DISEÑOS METODOLÓXICOS DE INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA.	3.1-Investigación experimental. 3.2- Investigación ex post facto.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A37 A36 B2 B5 C3 C4	1	3	4
Solución de problemas	A15 A16 A26 B3 B4 B17 B18 B19 C8 C7	7	13	20
Sesión maxistral	A26 A25 A36 A37 A38 A40 B1 B7 B16 B17 B18	9	10	19
Proba mixta	B2 B3 B4 B5 B6 B13 B16 B17 B18 B19 C1 C3 C4 C7	2	18	20
Actividades iniciais	A38 A25 B1 B6 B13 C1	2	2	4
Atención personalizada		8	0	8

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías
--------------



Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Metodoloxía que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (artigos, textos educativos, bases de datos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para o análise dos mesmos (todo por medio de moodle) Esta metodoloxía pódese empregar: como introdución a un tema, como instrumento de aplicación, para explicar procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como sínteses de contidos de carácter teórico ou práctico (se a aula non é presencial esta metodoloxía seguirase en moodle e por teams)
Solución de problemas	Trátase de resolver diferentes problemas que se expoñan en relación cos contidos da materia, tanto desde o punto de vista máis teórico como práctico. Levarase a cabo na aula presencialmente ou virtualmente (grupos teams) e baixo a supervisión da profesora. Desta forma leva a cabo unha avaliación continua para comprobar se se entende o explicado en clase e sábese aplicar a diferentes situacións.
Sesión maxistral	Expoñeranse os diferentes temas da materia explicando os contidos incluídos nos mesmos de modo que permita interactuar co estudantado e aclarar as dúbidas que teñan. Presentarase a bibliografía que permitirá profundar nos temas expostos. Para elo se utilizará moodle con power point (se as clases pasan a ser virtuais os power point será coa gravación das explicacións)
Proba mixta	Proba utilizada para a avaliación das aprendizaxes tanto das clases tanto presenciais como virtuais (nestas últimas a través da aplicación moodle). As preguntas poden ser directas ou afirmacións incompletas, mesmo preguntas con varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións. Pero só unha e a máis correcta. NESTA PROBA AS RESPONSTAS INCORRECTAS RESTARÁN ÁS CORRECTAS.
Actividades iniciais	Realizarase unha avaliación inicial sobre os coñecementos que ten o alumnado acerca dos contidos relacionados coa materia para introducir o que se vai a impartir e facer na mesma (esta metodoloxía realizarase sempre por moodle sexan as aulas presenciais ou virtuais)

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Na atención personalizada a profesora resolverá as dúbidas que teña o/a alumno/a sobre os diferentes temas a traballar na materia. Pero ademais calquera dúbida que poida xurdir para a solución de problemas, avaliación inicial, análise documental e sesión maxistral. Durante estas sesións, realizarase un seguimento do traballo do estudantado, supervisando e orientando mais directamente o proceso a seguir en cada unha das actividades realizadas.
Sesión maxistral	Esta atención personalizada realizarase no despacho da profesora (P1A15) no horario de titorías. Este horario está colgado no taboleiro que está no despacho das profesoras, na páxina web do departamento como na Facultade de Ciencias da Educación.
Proba mixta	A ATENCIÓN PERSONALIZADA REALIZARASE CARA A CARA ENTRE O ESTUDANTADO E PROFESOR. ESTA ATENCIÓN TEN QUE SER INDIVIDUAL (PARA CUMPRIR ASÍ AS RECOMENDACIÓNS ORIXINADAS POLO COVID-19). PODEN SER GRUPAIS PERO A TRAVÉS DE TEAMS (estas para o estudantado presencial)
Actividades iniciais	PARA PODER ORGANIZAR DITA ATENCIÓN. O ESTUDANTADO DEBE COMUNICARSE PRIMEIRAMENTE COA PROFESORA VÍA CORREO ELECTRÓNICO (NESE CORREO SOLICITARÁ UNHA TUTORIA INDIVIDUAL OU GRUPAL). LEMBRAR QUE A PROFESORA É A QUE MARCARÁ O HORARIO DE DITA TUTORIA. SE O ESTUDANTADO NON ENVÍA ESE CORREO ELECTRÓNICO, AS PROFESORAS NON O ATENDERÁN BAIXO NINGUNHA CURCUNSTANCIA.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Análise de fontes documentais	A37 A36 B2 B5 C3 C4	<p>Esta metodoloxía será empregada unicamente para avaliar os progresos do alumnado na comprensión dos contidos teóricos da materia (ven se son presenciais como virtuais).</p> <p>Valorarase o manexo de diferentes fontes para a realización das tarefas dentro da metodoloxía solución de problemas IMPRESCINDIBLE QUE CADA ESTUDANTE TRAIGA NAS CLASES INTERACTIVAS O SEU ORDENADOR E TODO O MATERIAL QUE PRECISE PARA REALIZAR ESAS PRÁCTICAS</p> <p>As/os estudantes non presenciais non terán esta avaliación</p>	20
Solución de problemas	A15 A16 A26 B3 B4 B17 B18 B19 C8 C7	<p>Esta tarefa está destinada a un único contido de toda a materia. Coa mesma inténtase que o alumnado combine outras metodoloxías como por exemplo, prácticas guiadas (fichas guiadas), grupos de discusión, etc. Pero tendo presente que con ela o/a alumno/a desenvolve tarefas puramente prácticas sobre este tema co apoio e supervisión do profesorado.. A profesora presentará ao alumnado os apuntes deste tema (a través de moodle);primeiramente a profesora presentará os contidos da materia nas sesións maxistras e presentará prácticas guiadas para que o alumno/a as realice PARA TODO ESTO O/A ALUMNADO/A DEBE TRAER OS APUNTES REVISADOS (que aparecen en moodle)</p> <p>O/a alumnado deberá realizar todas as prácticas propostas e incorporalas nun documento único (as practicas serán propostas na aula presencialmente se por mor da crise sanitaria esto cambia serán presentadas por Teams ao grupo de estudantes presenciais, a modo de dossier, que entregará ao docente no prazo establecido, baixo o nome de ?Investigación Cuantitativa?.</p> <p>Os estudantes non presenciais non serán convocados por teams para realizar estas actividades. Incluso as actividades que deben incorporar no sue dossier serán diferentes ao estudantado presencial (este material aparecerá en moodle coa indicación actividades para estudantado non presencial). Importante debe comunicarse antes da segunda clase (unha vez iniciada a docencia do mestrado) se son estudantes non presenciais</p>	40
Proba mixta	B2 B3 B4 B5 B6 B13 B16 B17 B18 B19 C1 C3 C4 C7	<p>O exame da convocatorias de xuño ou xullo é o que fai referencia a avaliación desta metodoloxía. Constará dun número de ítem de resposta aberta, ou de resposta breve ou de verdadeiro e falso pero xustificando (o tipo de preguntas o determinará o profesorado). Unha pregunta cunha resposta incorrecta resta unha pregunta cunha resposta correcta. Esta parte apróbbase cando se alcanza unha puntuación de 20 sobre 40 puntos que é a puntuación máxima que se alcanza aquí (non se garda nota de ningunha parte, en ningunha convocatoria, se se suspende).</p> <p>NOTA ACLARATORIA: A DATA DOS EXAMES DAS CONVOCATORIAS ESTÁN MARCADOS POR XUNTA DE FACULTADE POLO TANTO NON SE MOVEN.</p> <p>Este examen se a situación da crise sanitaria o permite será presencial senón será a través de moodle</p> <p>Todo as/os estudantes (presenciais ou non presenciais) deben presentarse a este proba)</p>	40

Observacións avaliación



Na avaliación da materia (exposta no apartado da guía docente, denominado "Paso 7: Avaliación") terase en conta antes de nada o seguinte:

## a) ESTUDIANTES QUE

ASISTAN SEMPRE A CLASE (ou alumnado con dispensa académica) (estudantes presenciais) considéranse que asisten un

80%, isto equivale a non ter máis de 3 faltas sen xustificar. Xustifícase as faltas médicas (con xustificante correctamente cuberto por un médico colexiado) e as faltas por un traballo (con xustificante correctamente cuberto no traballo onde se xustifique que en horas de clase se está a traballar) ou calquera outra falta sempre co documentación homologado. As actividades que se realizan en cada clase deberán ser realizados na aula; en ningún caso (a excepción do alumnado con dispensa académica) poderase realizar fóra da aula. A asistencia ás clases será contabilizada a partir das respostas a ditas actividades. Non se poderá ter máis de dúas faltas de asistencia en cada unha das partes da materia (técnicas de recollida e técnicas de análise). As cualificacións das probas de coñecemento que realízanse nas clases i non serán reais ata que se entregue o dossier (Investigación Cuantitativa)

A avaliación destes alumnos ten

en conta o seguinte: 1-A proba mixta;2-Análise de fontes documentais e 3-Solución de problemas. As avaliacións dende o 2 ao 4, ambas inclusive so serán efectivas a entrega do dossier (Investigación Cuantitativa)

Nota aclaratoria:

Estes estudantes seguirán sendo presenciais (nas mesmas circunstancias ou perderán dita categoría) se, por mor da crise sanitaria, as clases son virtuais. Xa que as clases serán virtuais pero a través de teams. Para elo, o profesorado configurará en teams o grupo e terán clases no mesmo horario que foi aprobado na xunta de facultade. A avaliación, nestas circunstancias (crise sanitaria), será sempre por moodle.

## b)ESTUDIANTES QUE NON

ASISTAN SEMPRE A CLASE (estudantes non presenciais) considéranse que non asisten cando faltan máis dun 80%, é dicir, ten máis de tres faltas sen xustificar, ou ben ten máis de dúas faltas nunha das partes da materia (técnicas de recollida e/ou análise da información). Se xustifica as faltas médicas (con xustificante correctamente cuberto por un médico colexiado) e as faltas por un traballo (con xustificante correctamente cuberto no traballo onde se xustifique que en horas de clase se está a traballar), aínda que en ningún caso estes xustificantes suporán a posibilidade de realizar as actividades das clases fóra de prazo. Tamén pode ser aquel estudantado que así opte dende o inicio da materia (o primeiro día de clase o profesorado presentará esta opción que o estudantado pode elixir) Estes estudantes se presentarán ás probas das convocatorias de xuño ou xullo. Se recomenda que o estudantado realice o dossier da materia de forma autónoma, posto que estes serán avaliados na proba final da materia (60%), xunto cos contidos teóricos propios da proba mixta (40%).





<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<p>Arnal, J., Del Rincón, D. y Latorre, A. (1992). Investigación educativa. Fundamentos y metodología. Barcelona: Labor.</p> <p>Bisquerra, R. (2004). Metodología de la investigación educativa. Madrid: La Muralla.</p> <p>Colás, P. y Buendía, A. (1992). Investigación educativa. Sevilla: Alfar.</p> <p>De La Orden, A. (1985). Investigación educativa. Diccionario de Ciencias de la Educación. Madrid: Anaya.</p> <p>De la Herrán (Coord.) (2005). Investigar en educación. Fundamentos, aplicaciones y nuevas perspectivas. Madrid: Dilex.</p> <p>Dendaluce, I. (Coord.) (1988). Aspectos metodológicos de la investigación educativa. (II Congreso Mundial Vasco). Madrid: Narcea.</p> <p>Etcheberría, J. y Tejedor Tejedor, F. J. (2005). Análisis descriptivo de datos en educación. Madrid: La Muralla.</p> <p>García, V. (1994). Problemas y métodos de investigación en educación personalizada. Madrid: Rialp.</p> <p>García, M. (2000). Socioestadística. Introducción a la Estadística en Sociología. Madrid: Alianza.</p> <p>García, M (coord.) (2015). El análisis de la realidad social: métodos y técnicas de investigación. Madrid: Alianza</p> <p>Hernández, R., Fernández, C. y Baptista, P. (2003). Metodología de la investigación. (3ª. Edic.). México: McGraw-Hill.</p> <p>Latorre, A. (2003). La investigación-acción. Conocer y cambiar la práctica educativa. Barcelona: Graó.</p> <p>León, O. y Montero, I. (1993). Diseño de investigaciones. Introducción a la lógica de la investigación en Psicología y Educación. Madrid: McGraw-Hill.</p> <p>Losada, J. L. y López, R. (2003). Métodos de investigación en Ciencias Humanas y Sociales. Madrid: Thomson.</p> <p>Orfelio, L (2015). Métodos de Investigación en Psicología y educación: las tradiciones cualitativas y cuantitativa. Madrid: McGrawHill</p> <p>Pérez, G. (Coord.). (2001). Modelos de investigación cualitativa en Educación Social y Animación Sociocultural. Aplicaciones Prácticas. Madrid: Narcea.</p> <p>Rodríguez, G., Gil, J. y García, E. (1996). Metodología de la investigación cualitativa. Málaga: Aljibe.</p> <p>Verd, J.M. (2016). Introducción a la investigación cualitativa: fases, métodos y técnicas. Madrid: Síntesis</p>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	<p>Almazán, A et al. (2011). Análisis estadístico para la investigación social. Madrid: Garceta</p> <p>Bisquerra, R (1987). Introducción a la estadística aplicada a la investigación educativa. Barcelona: Promociones y Publicaciones Universitarias.</p> <p>Bisquerra, R. (2004). Metodología de la investigación educativa. Madrid: La Muralla.</p> <p>De Lara, E. y Ballesteros, B (2001). Métodos de investigación en educación social. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia.</p> <p>De la Herrán (Coord.) (2005). Investigar en educación. Fundamentos, aplicaciones y nuevas perspectivas. Madrid: Dilex.</p> <p>Fox. D.J. (1987). El proceso de investigación en educación. Pamplona: Eunsa.</p> <p>Grim, P. (2010). La certeza absoluta y otras fricciones. Los secretos de la estadística. Barcelona: RBA Libros</p> <p>Monje, C (2011). Metodología de la investigación cualitativa y cuantitativa. Guía didáctica. Recuperado de: <a href="https://www.uv.mx/rmipe/files/2017/02/Guia-didactica-metodologia-de-la-investigacion.pdf">https://www.uv.mx/rmipe/files/2017/02/Guia-didactica-metodologia-de-la-investigacion.pdf</a> (consultado: 03/07/2018)</p> <p>Sierra, R. (1987). Técnicas de Investigación social. Teorías y ejercicios. Madrid: Paraninfo</p> <p>Enlaces WEB: Métodos y técnicas de investigación <a href="https://www.gestiopolis.com/metodos-y-tecnicas-de-investigacion/">https://www.gestiopolis.com/metodos-y-tecnicas-de-investigacion/</a> (consultado: 03/07/2018)</p> <p>Métodos de Investigación social: <a href="https://metodoss.com/investigacion-social/">https://metodoss.com/investigacion-social/</a> (consultado: 03/07/2018)</p> <p>Metodología de la investigación: <a href="https://sites.google.com/site/51300008metodologia/caracteristicas-cualitativa-cuantitativa">https://sites.google.com/site/51300008metodologia/caracteristicas-cualitativa-cuantitativa</a> (consultado: 03/07/2018)</p> <p>Aula virtual: <a href="https://educacionadistancia.juntadeandalucia.es/profesorado/autofomacion/mod/book/view.php?id=3847&amp;chapterid=3127">https://educacionadistancia.juntadeandalucia.es/profesorado/autofomacion/mod/book/view.php?id=3847&amp;chapterid=3127</a> (consultado: 03/07/2018)</p> <p>Uso de los métodos cuantitativos y cualitativos en la investigación: <a href="https://prezi.com/awtmyv2x2_9a/el-uso-de-los-metodos-cuantitativos-y-cualitativos-en-una-investigacion/">https://prezi.com/awtmyv2x2_9a/el-uso-de-los-metodos-cuantitativos-y-cualitativos-en-una-investigacion/</a> (consultado: 03/07/2018)</p>

**Recomendacións**

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Investigación-Acción e Innovación/652536005

Investigación Cualitativa en Educación/652536004

Tratamento da Información Cualitativa e Cuantitativa na Investigación dentro da Xestión, Avaliación /652536007



## Materias que continúan o temario

Liderado e Dirección de Centros Escolares/652536003

Tratamento da Información Cualitativa e Cuantitativa na Investigación dentro da Xestión, Avaliación /652536007

## Observacións

Observacións Se pueden

consultar las siguientes

fuentes: <http://www.udc.es/dep/fam> <http://www.educacion.udc.es> <http://www-ice.up.es/upc/ice/ice.nsf> <http://dialnet.inicaja.es> <http://www.mec.es> <http://bibloteca.udc.es> <http://www.um.es/~dep/ide/RIE> <http://www.uv.es/a>

<http://www.bne.es> <http://aera.net> Comité

Ambiental da Facultade (GREEN CMPUS) recoméndase: -Recoméndase

os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar

plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar

imprimir borradores. -Débese

facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o

medio natural. -Débese ter

en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da

sostenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais. tamén

recomendase utilizar LENGUAXE INCLUSIVO

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías